

Memoria, lingua e xustiza social

Luz Varela Armas

luz.armas@udc.es

Resumo

Este traballo pretende achegar unha breve reflexión sobre se unha causa xusta como a defensa do galego ten sempre presente a memoria da súa historia e se é quen de identificar, a partir desa memoria, a súa estreita relación con calquera outra causa, pois coidamos que todas deben ter un mesmo obxectivo: a xustiza social. Para isto definimos brevemente algunhas causas xustas (incluída a defensa das linguas subordinadas), xustificando a súa inclusión baixo esta etiqueta. Seguidamente analizamos se a defensa do galego é ou non coherente dabondo coas outras causas definidas, unha reflexión que nos permitiu observar que existiron e existen algúns aspectos en que esa coherencia é mellorábel. Coidamos que as contradicións que identificamos veñen motivadas por unha certa perda da memoria, por unha ollada insuficiente cara ao pasado que nos lembre que o fin último de calquera causa xusta é a xustiza social, algo que non se pode acadar sen intentarmos facer nosa calquera loita que persiga ese obxectivo.

Palabras chave

Memoria, xustiza social, causas xustas, normalización lingüística, ecoloxismo, feminismo, cultura libre

1. Que é unha causa xusta e cal é a súa relación coa memoria?

O Dicionario da Real Academia Galega inclúe como acepción de *causa* o “conxunto de intereses que se defenden e polos que se loita” (González & Santamarina, 2012) e como acepción de *xusto -a* “que actúa respectando os dereitos dos demais e dándolle a cada un o que merece, segundo os seus méritos ou as súas culpas” (González & Santamarina, 2012). Partindo destas definicións entendemos unha causa xusta como a loita en favor de quen se atopa nunha situación de vulnerabilidade motivada por unha desigualdade, isto é, como a defensa dun colectivo oprimido fronte a un colectivo opresor. Para identificarmos este tipo de situacións adoita ser moi útil a inversión de papeis entre o que consideramos colectivo opresor e o que consideramos colectivo oprimido, para vermos así se ambos os dous están ou non en condicións de igualdade de dereitos. Por exemplo, acepta a sociedade do mesmo xeito o descoido do aspecto físico nun home que nunha muller? Se a resposta é negativa, entón estamos ante

unha situación en que a unha persoa se lle esixe algo diferente do que se lle esixe a outra por mor dunha característica da que non é responsábel, isto é, estamos perante unha situación inxusta. Cómpre puntualizarmos que os colectivos oprimidos non teñen por que se identificar con colectivos minoritarios. Un bo exemplo é a situación do galego, unha lingua minorizada, subordinada ou dominada, fronte a outra lingua dominante, o castelán, mais non se trata (de momento) dunha lingua minoritaria. No seu territorio, segundo datos do 2004, o 61,6% da poboación ten o galego como lingua inicial (González, 2007: 31), mentres que a nivel global, segundo datos do *Ethnologue* no 2009, das 6909 linguas vivas do mundo o galego está na posición 160 por número de falantes, con 3,2 millóns (“Summary by language size”; “Summary by area”).

Agora ben, cal é a relación das causas xustas coa memoria? Pois, por unha banda, para defendermos unha causa xusta é imprescindible termos memoria e mirarmos cara ao pasado (próximo e / ou afastado) xa que, para alén de identificarmos a situación de desigualdade no presente, cómpre analizarmos as súas causas no pasado coa finalidade de obtermos toda a información necesaria para a podemos atallar do xeito máis efectivo posíbel. Por outra banda, para que esa loita sexa coherente, cómpre mirar cara ao pasado para non perder nunca de vista que a situación que a motivou foi a desigualdade de dereitos entre un colectivo opresor e outro oprimido, unha memoria necesaria para empatizarmos con situacións do mesmo tipo e non caer na contradición de que o proceso de loita por unha causa poida xerar ou consolidar outras inxustizas. Neste sentido non podemos esquecer que a identidade das persoas non se compón dun só trazo, senón de moitos que se superpoñen, polo que a loita por unha determinada causa pode axudar a diminuír as desigualdades que sofre unha persoa por mor dun deses trazos, mais ao mesmo tempo tamén podería consolidar as que sofre con respecto a outros. Seguindo cos exemplos anteriores: se a defensa do galego ignora a causa feminista, manteranse na lingua as inercias da linguaxe sexista que só lle dan visibilidade ao 50% da poboación, deixando nun segundo plano o outro 50%, unha invisibilización que contribúe a consolidar as inxustizas cara ao colectivo feminino. Unha práctica deste tipo contribúe a diminuír a desigualdade que sofren as mulleres galegofalantes como galegofalantes, mais tamén está contribuíndo a manter a desigualdade que sofren como mulleres. Tampouco podemos perder de vista que estas situacións adoitan ser moi complexas, pois a opresión non ten por que vir só do colectivo dominante, senón que é frecuente que nas persoas do colectivo dominado calle a ideoloxía do dominante e actúen como as súas propias opresoras. Pensemos, por exemplo, nas persoas galegofalantes que consideran que a súa lingua non é

válida para todos os contextos. Para evitar incoherencias con outras causas é polo que é necesario recorrer á memoria e procurarmos nos inicios de calquera movemento en prol dunha causa xusta os principios que o inspiraron, uns principios que coidamos que deben pasar necesariamente pola busca da xustiza social, entendendo este concepto nos seguintes termos:

A xustiza social refírese ás nocións fundamentais de igualdade de oportunidades e de dereitos humanos, máis alá do concepto tradicional de xustiza legal. Está baseada na equidade e é imprescindible para que os individuos podan [sic] desenvolver o seu máximo potencial e para que se poda [sic] instaurar unha paz duradeira.

“Conceptos clave: Xustiza social”

Isto é importante para non perdermos a perspectiva e non chegarmos á conclusión de que se nos posicionamos, por exemplo, como activistas a prol dunha lingua subordinada, o resto de causas teñen que pasar a un segundo plano, pois desde a posición dun colectivo oprimido temos a obriga de nos solidarizarmos con outras causas (aféctennos directamente ou non). Esta cuestión debe ser central para calquera movemento, pois o fin último de todos eles debe ser acadar a igualdade de dereitos entre todas as persoas. A loita por esta igualdade faise poñendo o acento nun aspecto diferente en cada caso, mais cómpre que eses diferentes enfoques traballen da man na procura da xustiza social.

2. A defensa da lingua no marco da loita pola xustiza social

Para analizarmos o papel da defensa do galego no camiño cara á xustiza social, imos describir dun xeito moi breve algunhas causas xustas (xustificando por que as incluímos baixo esa etiqueta), para despois analizarmos a coherencia da defensa da lingua con respecto ás restantes causas descritas.

2.1. Breve descrición dalgunhas causas

2.1.1. Defensa das linguas subordinadas

A defensa das linguas dominadas ou subordinadas ten como obxectivo a súa normalización, ou o que é o mesmo, levar a lingua dominada aos ámbitos en que non está presente para que o seu uso se volva “normal” en calquera situación. Coidamos que a normalización é unha causa xusta porque pretende crear as condicións necesarias para que as persoas poidan usar a súa lingua en calquera

contexto, de modo que a o simple feito de falar unha determinada lingua non as sitúe en condicións de inferioridade.

2.1.2. Feminismo

En síntese, o feminismo ten o obxectivo de combater o sometemento das mulleres e construír un novo modelo social en que exista unha igualdade de dereitos real entre mulleres e homes. Estamos de novo perante un colectivo que sofre numerosas inxustizas, que van desde cobraren menos que un home por faceren o mesmo traballo até o maltrato psicolóxico e / ou físico no ámbito da parella, pasando por teren que asumir maioritariamente as tarefas do fogar ou por estaren máis presionadas para manteren sempre un bo aspecto físico. Tendo en conta isto, parece claro que existe un colectivo oprimido, as mulleres, fronte a outro privilexiado, os homes, polo que se cumpren as condicións para que a loita que quere derrubar esas desigualdades poida ser cualificada como unha causa xusta.

2.1.3. Ecoloxismo

O ecoloxismo é un movemento que ten como obxectivo a conservación do medio natural, polo que loita por mudar o modelo de desenvolvemento actual por outro que nos permita satisfacer as nosas necesidades básicas sen destruírmos o medio. Este movemento entende que a crise ambiental que nos afecta na actualidade é consecuencia dun sistema político e social inxusto que foi construído de costas á natureza. Neste caso estamos perante unha situación en que o colectivo oprimido non só somos todas as persoas que vivimos no noso planeta (as que vivimos no presente e, especialmente, as que vivirán no futuro), senón que é todo o medio natural no seu conxunto. Existe, por tanto, un colectivo moi amplo que está a ser prexudicado polas políticas deseñadas desde os ámbitos de poder, mais tamén as persoas que manteñen ese sistema inadaptado ao medio forman parte á súa vez do colectivo oprimido, pois viven nese mesmo medio. Así as cousas, coidamos que podemos identificar novamente unha situación que nos permite xustificar o ecoloxismo como causa xusta.

2.1.4. Acceso libre á cultura e ao coñecemento

Esta causa loita pola eliminación das barreiras no acceso á cultura, entendida en sentido amplo (literatura, cine, música, produción científica etc.). Fronte ás licenzas de copyright tradicional en que os dereitos de difusión ficaban reservados (xeralmente son propiedade da figura intermediaria –editora, discográfica etc.–,

mentres que a persoa autora só fica cos dereitos morais de autoría), xurdiron as licenzas libres, como Creative Commons, que lle conceden á persoa autora a posibilidade de liberar os dereitos de difusión e garantir así a liberdade de acceso á obra. Cómpre termos en conta que distribuírmos unha obra cunha licenza libre non implica que non poidamos cobrar por ela (cfr. [Stallman, 2010](#)). Desde esta causa enténdese que a construción cultural é unha obra colectiva, polo que é patrimonio de todas as persoas e debe estar ao seu dispor para continuar con esa construción ([Bravo, 2005](#)). Na actualidade constatamos que os recursos económicos son unha barreira que limita o acceso á cultura para unha boa parte da poboación, algo que á súa vez impide a formación dunha cidadanía crítica e activa, fomentando unha sociedade desinformada, conformista, manipulábel e susceptible de ser sometida a máis inxustizas. Por todo isto coidamos que existe unha situación de desigualdade de dereitos entre quen ten acceso doado á cultura e quen non, de aí que consideremos que a defensa do libre acceso á cultura é tamén unha causa que contribúe á consecución da xustiza social.

2.2. É a defensa da lingua coherente con outras causas?

Intentaremos analizar brevemente se a defensa do galego é ou non solidaria coas outras causas que vimos de describir. As liñas que seguen non pretenden desmerecer en ningún caso o labor desta causa, pois fixo e fai importantes achegas na construción da xustiza social, mais si pretenden chamar a atención sobre algunhas cuestións que poden estar pasando desapercibidas e que pode ser bo repensar. Tamén debemos ter en conta que incluimos un número reducido de causas por motivos de espazo, mais poderían ser moitas máis, e tamén se podería realizar esta análise desde a perspectiva de calquera desoutras causas en relación coas restantes.

A primeira pregunta que nos debemos facer é se a defensa do galego é sempre coherente consigo mesma. Por exemplo, no que se refire á procura de referentes alleos, teñen un importante peso outras culturas dominadas (Irlanda, Gales, Cataluña etc.), mais isto non sempre é así. No contexto estatal é frecuente que se busquen lazos con linguas como o catalán e o éuscaro, mais invisibilízanse outras como o asturiano. Do mesmo xeito, no Rexurdimento ou na Xeración Nós foi importante a influencia de culturas dominadas como a irlandesa, mais tamén a doutras hexemónicas como a francesa e a alemá, un feito que aínda segue a ser gabado na actualidade por considerarse que puxo a cultura galega na vangarda do momento ([Méndez, 2012: 24:18 – 26:20](#)). Coidamos que invisibilizar outra lingua subordinada e a aceptación da supremacía dos modelos hexemónicos son

contraditorias coa defensa dunha lingua dominada, pois contribúen a manter un modelo en que existen linguas de primeira e linguas de segunda.

No que se refire á relación con outras causas, imos comezar reflexionando sobre o feminismo. Fixémonos, por exemplo, na preocupación polo uso dunha linguaxe inclusiva. Na actualidade contamos con diversos recursos, que van desde aplicacións como Exeria até diversas guías de linguaxe inclusiva. Se ben non parecen existir voces que desde a defensa da lingua censuren abertamente esta postura, como si acontece noutras linguas, este tipo de iniciativas son recentes e o seguimento que teñen aínda parece escaso e non sistemático. Ademais, as principais gramáticas da lingua seguen recomendar o uso do masculino xenérico (Álvarez & Xove, 2002: 394; Freixeiro, 2006: 38), aínda que algunhas máis recentes avogan explicitamente por unha linguaxe inclusiva (López & Lourenço & Moreda, 2010: 228 -229).

Tamén no referente ao ecoloxismo hai algunhas cuestións que sería bo analizar, como o sistema de publicación que maioritariamente seguen as obras en galego e / ou sobre o galego. Neste sentido débemonos preguntar se a importancia que aínda teñen as obras publicadas en papel é excesiva para o momento en que nos atopamos, e se non sería desexábel darlles máis peso a modelos como a impresión baixo demanda (impresión só dos exemplares solicitados polo público) ou o libro electrónico, coa finalidade de reducirmos o alto consumo de papel. Con todo, é necesario sermos conscientes de que nada é branco ou negro, pois os dispositivos para ler libros electrónicos consumen enerxía, e a extracción dos materiais necesarios para a súa construción provoca graves conflitos.

Finalmente, no que se refire ao libre acceso á cultura, cada vez son máis as obras sobre a lingua que se publican baixo licenzas libres na rede (unha boa listaxe atopámola no [Galegobook](#)), mais obras básicas como gramáticas ou dicionarios rara vez son distribuídas deste xeito, algo aínda máis estraño no caso de textos literarios. Deberíamos reflexionar neste punto sobre as vantaxes da difusión de textos baixo licenzas libres, algo que xa fan pequenas editoras como Urco Editora ou Estaleiro Editora, o que permitiría que o acceso a eles fose moito máis rápido e menos custoso. Como xa indicamos, isto non implica que non se poida cobrar polas obras e, ademais, moitos textos son froito de traballos financiados con diñeiro público, polo que a cidadanía xa pagou ese traballo en forma de impostos e non parece razoábel impoñer unha barreira de acceso.

3. Conclusións

Tendo en conta a breve análise que vimos de realizar, a pregunta que nos

debemos facer é se son coherentes accións como publicar unha obra en defensa do galego, mais con linguaxe sexista, cunha ampla tiraxe en papel e cunha licenza de copyright convencional. Desde a nosa perspectiva a resposta é que non, pois se botamos unha ollada cara á historia da defensa da lingua decatáremos que o seu fin último é derrubar unha desigualdade de dereitos, e isto non pode ser coherente co mantemento doutras. Coidamos que estas incoherencias non son feitos intencionados, senón motivados polo descoñecemento ou a falta de reflexión e, ademais, seguramente atopásemos situacións semellantes de centrarmos a análise en calquera outra causa. Con todo, cómpre analizarmos en profundidade esta cuestión (pois debemos asumir a responsabilidade do que facemos, mais tamén do que deixamos de facer) e termos presente a necesidade de nos esforzarmos por coñecer as razóns que motivan as diferentes causas coa finalidade de evitar este tipo de incoherencias, que entorpecen o camiño común cara á xustiza social. Neste sentido, é posíbel que boa parte delas teñan a súa orixe na excesiva simplificación das mensaxes que os medios de comunicación lle transmiten á sociedade (cfr. [Serrano, 2011](#)), algo que fai que a maioría da cidadanía declare estar de acordo con causas como o ecoloxismo ou o feminismo, mais que despois, na súa vida diaria, non cuestione se está usando o coche máis do necesario ou se o mantemento dos roles tradicionais no fogar é unha práctica machista. Este achegamento superficial á información pode dar lugar a moitas incoherencias entre os nosos principios e as nosas prácticas cotiás, e tamén pode estar na orixe desas incoherencias entre causas xustas. Debemos ter en conta que ninguén é completamente coherente de entrada, é máis, pode que nunca chegue a selo, mais o importante é esforzármolos por ver as nosas contradicións e írmolas combatendo pouco a pouco.

Unha oportunidade importante para superarmos esta situación achéganola internet, un espazo en que afondar nas mensaxes que os medios convencionais nos simplifican, e en que establecer un punto de encontro entre causas xustas para traballar de xeito colaborativo e aproveitar o potencial da intelixencia colectiva (que ten a súa máxima expresión na Wikipedia no que se refire ao libre acceso á cultura, un modelo que quizais se podería extrapolar a outras causas) (cfr. [Padilla, 2012](#); cfr. [Ugarte, 2011](#)). Combinando este espazo de encontro, relativamente novo, co espazo físico, cómpre que traballemos na loita polas causas xustas desde a memoria, para non sermos incoherentes nin coa propia causa nin con outras causas. Temos que ter sempre presente a historia da loita, a situación que a orixinou, e que carece de sentido se non persegue a xustiza social como fin último, polo que deberíamos facer nosas todas as causas

(aféctennos directamente ou non). Só mirando cara ao pasado podemos construír desde o presente un futuro mellor, en que se garanta unha vida digna para todas as persoas, o único xeito de asentarmos as bases dunha paz duradeira e real e, en definitiva, dun mundo verdadeiramente xusto.

4. Bibliografía

- Álvarez, R. & Xove, X. (2002). *Gramática da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Bravo, D. (2005). *Copia este libro*. Madrid: Dmem. Accedido o 17/01/2013, desde <http://www.worcel.com/archivos/6/David-Bravo-Copia-este-libro.pdf>.
- Conceptos clave: Xustiza social. (s.d.). En *enredate.org* (programa educativo de Unicef). Accedido o 17/01/2013, desde http://www.enredate.org/gal/educacion_para_el_desarrollogal/xustiza_social.
- Freixeiro Mato, X. R. (2006). *Gramática da lingua galega II. Morfosintaxe* [2ª edición]. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- González González, M. (dir.) (2007). *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Vol. 1: Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega, Seminario de sociolingüística. Accedido o 17/01/2013, desde <http://www.udc.es/snl/documentospdf/LinguaInicial.pdf>.
- González González, M. & Santamarina Fernández, A. (dirs.). (2012). *Diccionario da Real Academia Galega*. Accedido o 17/01/2013, desde <http://www.realacademiagalega.org/diccionario>.
- López Viñas, X. & Lourenço Mória, C. & Moreda Leirado, M. (2010). *Gramática práctica da lingua galega*. A Coruña: Baía Edicións.
- Méndez Ferrín, X. L. (2012). A internacionalización da cultura galega. Conferencia pronunciada o 27 de novembro do 2012 no marco das *IX Xornadas Lingua e Usos. Lingua e Tradución*, organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña. Accedido o 17/01/2012, desde http://www.ivoox.com/xose-luis-mendez-ferrin-audios-mp3_rf_1712197_1.html.
- Padilla, M. (2012). *El kit de la lucha en Internet*. Madrid: Traficantes de Sueños. Accedido o 17/01/2013, desde <http://www.traficantes.net/index.php/editorial/catalogo/otras/El-kit-de-la-lucha-en-Internet>.
- Serrano, P. (2011). Manipulación deliberada [Vídeo]. Conferencia pronunciada

na *XXVIII Semana Galega de Filosofía. Filosofía e Mentira*. Accedido desde <http://aulacastelao.com/multimedia>.

Stallman, R. (2010). *Free Software, Free Society: Selected Essays of Richard M. Stallman* [2ª edición]. Boston: Free Software Foundation. Accedido o 14/12/2012, desde <http://www.gnu.org/doc/fsfs-ii-2.pdf>.

Summary by area. (s.d.). En *Ethnologue*. Accedido o 17/01/2013, desde http://www.ethnologue.com/ethno_docs/distribution.asp?by=area.

Summary by language size. (s.d.). En *Ethnologue*. Accedido o 17/01/2013, desde http://www.ethnologue.com/ethno_docs/distribution.asp?by=size.

Ugarte, D. de (2011). *El poder de las redes*. Accedido o 17/01/2013, desde <http://lasindias.org/el-poder-de-las-redes>.



Recoñecemento-CompartirIgual 3.0 España
(CC BY-SA 3.0 ES)